

REGULAMENTO

ARTIGO 1: Data, horario e probas

O Concello de Begonte organiza o próximo 3 de Xullo de 2016, a I Carreira Popular Concello de Begonte, sobre unha distancia de 5000 metros aprox.

ARTIGO 2: Circuito

O circuito estará completamente pechado ó tráfico e acotado con valados e outros elementos delimitadores naqueles tramos nos que non exista unha diferenciación natural polo mobiliario urbán. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba serán os designados pola Organización.

As carreiras terán lugar unicamente pola calzada do tráfico rodado, sen empregar ningunha zona peonil.

Está prohibido o uso como zona de carreira as beirarrúas, setos centrais, zonas axardinadas, etc. O non cumprimento desta norma, así como recortar sobre o trazado oficial, poderá supoñer a descualificación do infractor.

ARTIGO 3: Control técnico das carreiras

As carreiras estarán controladas polo Comité Galego de Xuíces da FGA.

ARTÍGO 4: Peche de control da carreira absoluta

O Peche da proba absoluta realizarase 50 minutos despois da súa saída. Pasado ese tempo, o participante que siga na carreira deberá retirarse do circuito oficial da competición.

ARTÍGO 5: Inscripción, cuotas e prazos.

A través da pasarela de pago ensartada na páxina online da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com. Estará operativa dende a publicación deste regulamento, ata as 23:59 horas del 29 de Xuño de 2016.

A Cuota de inscrición: Carreira absoluta 5 Euros.

Resto de carreiras e empadroados no Concello de Begonte gratúitas.

Os adultos empadroados no Concello de Begonte NON poderán inscribirse a través de www.carreirasgalegas.com . Inscribíranse únicamente na Casa da Cultura ou no Concello de Begonte, tamén chamando o teléfono 982396012. De esta forma conseguirán a gratuidade da carreira. En caso de inscribirse na web non terán dereito a devolución da inscrición.

ARTÍGO 6: Entrega de dorsais e chips

- Venres 1 Xullo no Concello de Begonte de 9 a 14h,
- Sábado 2 de Xullo nun local patrocinador, (lugar comunicado previamente)
- O mesmo día da proba ata unha hora antes da saída.

ARTÍGO 7: Categorias e distancias

- 2010-2011 [150m] Prebenxamins (so participativa, non competitiva) (12:50)

- Categoría A: 2009-2008-2007 [500m] (11:00)

- Categoría B: 2006-2005-2004 [1000m] (11:15)

- Categoría C: 2003-2002-2001 [2400m] (11:15)

RESTO DE CATEGORIAS 5000m (12:00)

- Categoría D: 2000-1999-1998

- Categoría E: 1997-1996-1995

- Sénior: 1994 ata 34 anos

- Veteráns 1: De 35 anos cumpridos o día da proba a 39.

- Veteráns 2: De 40 anos cumpridos o día da proba ata 44.

- Veteráns 3: De 45 anos cumpridos o día da proba ata 49.

- Veteráns 4: De 50 anos cumpridos o día da proba ata 54.

- Veteráns 5: De 55 anos cumpridos o día da proba ata 59.

- Veteráns 6: De 60 anos cumpridos o día da proba, en adiante.

ARTÍGO 8: dorsais e chips

Os dorsais son persoais e intransferibles, colocándose na parte dianteira de forma totalmente visible, sen dobreces, e así levarase durante toda a proba. O chip irá incorporado no dorsal. A inobservancia deste artigo poderá ser motivo de descualificación.

Non serán admitidos pola Organización corredores que non estean inscritos ou corran sen dorsal e chip, ou co dorsal e chip correspondentes a outra carreira. Impedirase que teñan acceso á carreira en defensa dos dereitos dos regulamentariamente inscritos.

ARTÍGO 9: Sistema de cronometraxe

O cronometraxe realizarase mediante o sistema de chips. Haberá varios puntos de control ó longo do recorrido. Os participantes que non cumpran co paso por tódolos puntos de control, descualifícaranse si así o decide o xuíz árbitro da proba, o que suporá a non aparición nas listas de resultados oficiais finais.

ARTIGO 10. Servicios médicos

A proba disporá dos Servicios Médicos acordo ca lexislación vixente.

ARTIGO 11. Clasificacións, premios e trofeos.

a) Absoluta masculina e feminina: Trofeo e premio metálico ós 5 primeiros clasificados/as

- Vencedores absolutos I Carreira Popular de Begonte 200 euros.
- 2os clasificados absolutos 150 euros.
- 3os clasificados absolutos 100 euros.
- 4os clasificados absolutos 75 euros
- 5os clasificados absolutos 50 euros.

b) Resto de categorías, trofeo ós 3 primeiros clasificados/as.

c) Primeiro atleta local masculino e feminino, trofeo e agasallo

Os premios e trofeos NON son acumulativos.

ARTIGO 12: Entrega de premios

A entrega de premios realizarase ás 13.30 horas.

Os atletas premiados deberán situarse na zona próxima á entrega de premios no momento no que se faga o anuncio pola megafonía, así como estar pendentes da chamada a cada unha das categorías.

Con carácter xeral, os/as atletas que non se presenten a recollida do premio no momento da entrega, perderán o dereito a recollelo.

Exclusivamente poderán subir o pódium os atletas premiados.

Non se entregará o premio a ninguén que non sexa o propio atleta.

Agradecemos ós responsables dos clubs que se teñen constancia de que algún atleta non está presente, o comuniquen na zona de premiación o antes posible para evitar esperas innecesarias.

Para aqueles que poidan alegar unha causa xustificada pola ausencia no momento da entrega, deberanse poñer en contacto co Concello durante un prazo máximo de 15 días, onde se custodiarán os trofeos non recollidos.

ARTIGO 13: Reclamacións

Todas as reclamacións faranse verbalmente o Xuíz Árbitro, ubicado na zona de meta, non mais tarde de 30 minutos despois de publicados os resultados oficiais.

ARTIGO 14: Descualificacións

Os xuíces da proba e membros da Organización resérvanse a facultade de descualificar o infractor que, comprobada calquera irregularidade; no leve visible o seu dorsal, o manipule e/ou llo ceda a outro, altere os datos facilitados á Organización ou o Xuíz Árbitro con respecto ós que figuren no seu DNI ou ficha federativa, non completar o recorrido completo, manifeste un mal estado físico, non facilite á Organización a documentación que se lle requira, ou incumpra calquera outra norma contemplada nas Normas FGA y RFEA.

Descualificaranse os corredores/as que non respecten as indicacións da

Policía Local, Protección Civil, Xurado, Servicios Médicos ou membros da Organización debidamente identificados.

Os corredores descualificados non terán opción ós premios e trofeos.

ARTIGO 15: Responsabilidade

A organización non se fai responsable dos danos que puideran causar ou causarse os participantes por imprudencias ou negligencias dos mesmos.

Igualmente, o participante declara, Baixo a súa responsabilidade, realizar o oportuno recoñecemento médico que lle permite estar en condicións óptimas para realizar a proba, eximindo á organización de dita responsabilidade.

A Organización dispón dun Seguro de Accidentes e Responsabilidade Civil que cubrirá as incidencias inherentes á proba.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda de Gasgow 13 15008 A Coruña.